

NIGRÁN

La postal literaria “Ollo con Nigrán 2025” se convierte en la portada de la revista Inviabile

Redacción 9 Horas Ago 0 3 Mins



A preciosa imaxe do esteiro da Foz, que rende homenaxe a Bernardino Graña, convértese na portada do último número da revista Inviabile.

A obra foi galardoada co primeiro premio no certame de fotografía literaria “Ollo con Nigrán 2025” organizado polo Concello de Nigrán, Teatro do Ar e Somos Terra, destacando pola súa beleza visual, sensibilidade ecolóxica e fondura poética. Convertida en postal no mes de marzo para a viaxe de intercambio do alumnado do CEIP Humberto Juanes a Manchester, agora, en xuño, é portada desta revista cultural.

A súa autora é a escritora Soledad García, que neste último mes recibiu dúas mencións de honra pola súa escrita no Certame Artístico-Literario “As Cousas de Castelao” e no XXX Certame de Poesía Manuel Oreste Rodríguez López.

En palabras da autora: “*Non quero que se perda*” non é só un título, é unha declaración de intencións. Nun mundo onde se perden territorios pola forza, onde a guerra borra nomes, paisaxes e lembranzas, a miña poesía busca ser semente. Así que estou moi agradecida á revista Inviabile por acompañar esta causa e dar espazo o noso esteiro”.

Coa intención de sementar conciencia desde a infancia, a escritora ofrecerá este xoves 5 de xuño ás 5 da tarde un contacontos participativo na Fundación Sales, con xogos adicados ás abellas, coincidindo co Día Mundial do Medio Ambiente. [Inscripcións en la web de Fundación Sales.](#)



Tagged: **NIGRÁN**